



#QuedaNaCasa

[Preme aquí e verás máis información](#)

*CEIP PLURILINGÜE Nº 2:
IDEAS DAS PROFES DE INFANTIL PARA ESTOS DÍAS NA CASA*

PLANIFICAR OS DÍAS SEN COLEXIO CAUSADOS POLO COVID-19

RECOMENDACIÓNS

Para os nenos de idades comprendidas entre os 3 a 6 anos consideramos fundamental que sigan uns horarios e rutinas fixas diariamente, sempre que sexa posible, por iso o equipo de Educación Infantil recomenda:

- Establecer uns horarios máis ou menos consensuados cos nenos dependendo da súa idade.

- Seleccionar os tipo de actividades que realizaredes segundo os intereses do voso/a fillo/a: contos, manualidades, algún xogo psicomotriz, etc.

- A organización pode realizarse día a día para variar as posibles actividades segundo o que vaia acontecendo. Os nenos e nenas poden elaborar un horario con distintos soportes e empregando diferentes materiais: por exemplo, nunha cartolina os nenos poden colocar debuxos, fotografías ou palabras (5 anos) para indicar o día da semana, a actividade que ides facer, con quen, etc.

COMO PODE SER UNHA XORNADA NA CASA?

RUTINAS DE TODOS OS DÍAS

ARRIBA!! HAI QUE LEVANTARSE. Ó espertar toca almorzar, asearse, vestirse para comezar ben o día.

REVISAMOS O HORARIO

Podedes ver o horario e recordar o día semana que é, poden tachar os días nun calendario, dicir o día que foi onte ou o día que será mañá (nenos/as de 4-5 anos), decidir a actividade escolar que se vai realizar (no Anexo I propoñémosvos moitos exemplos de actividades e xogos que se poden realizar cando as familias o consideredes oportuno)

ACTIVIDADE FÍSICA

Ao non poder saír ás rúas,, en función das posibilidades de cada familia, podedes: saír ao aire libre (xardín, terraza), os que vivides en pisos podedes baixar e subir as escadas do edificio (cando estén baleiras), baixar ao garaxe para correr un pouco, facer unha sesión de zumba no salón, bailes ou algún dos xogos psicomotrices que vos indicamos no Anexo I.

TV/PANTALLAS

Entendemos que isto é algo transitorio e partindo da base que a T.V e pantallas non son a mellor opción, temos que ser realistas, haberá que utilizar estes recursos e non pasa nada. PACTAR CON ELES O QUE VAN A VER E MARCAR UNS TEMPOS CONSENSUADOS.

RUTINAS FAMILIARES

As rutinas familiares son unha fonte de aprendizaxe para os nenos e nenas destas idades. Axudar a pór unha lavadora, a cociñar, a limpar, a ordenar, a facer as camas, a pór a mesa, preparar o baño...son actividades moi significativas e precisas para a vida. Ademais...todo pode ser un xogo e mentres colaboran poden contar pinzas, clasificalas por cores, poden contar os pratos, vasos ou garfos que precisamos pór na mesa, etc. e estarán repasando os números, asociando cantidades, fortalecendo a psicomotricidade das mans, etc.

COMIDA

Á hora de comer pode ser interesante falar da comida, os ingredientes empregados, a que grupo de alimentos pertence, traballar os sabores, cheiros... por medio dos sentidos...

XOGO LIBRE/ SESTA

Todos precisamos un momento de descanso ou para facer o que un queira e os nenos e nenas tamen o precisan, por iso é importante que teñan un tempo de xogo libre.

ACTIVIDADE AO AIRE LIBRE

Sempre que sexa posible. Os que non poidades por vivir nun piso sen balcón ou terraza, procurar abrir as ventás, que os nenos e nenas se asomen (sempre cun adulto) para que lles de o aire.

XOGOS DE MESA

ANEX01

XOGOS ONLINE EDUCATIVOS

ANEXO 1

UN CONTIÑO CADA DÍA

Os nenos e nenas poden ollalos, pasar as follas, ver as ilustracións... e podeades contarllos e que eles volos conten ou lean (5 anos). Despois poden facer un debuxo ou manualidade (dependendo do momento do día no que se lle conte).

ÚLTIMOS MOMENTOS DO DÍA

BAÑO, CEA, RELAXACIÓN...E A DURMIR!

AS TITORAS DE INFANTIL ESTAMOS A VOSA DISPOSICIÓN PARA CALQUERA COUSA QUE PRECISEDES. MOITO ÁNIMO E FORZAS A TODOS E TODAS. DE SEGURO QUE PRONTO VOLTAREMOS A NORMALIDADE. MOITAS GRAZAS E BIQUIÑOS.

ANEXO I

ALGUNHAS WEBS INTERESANTES

- <https://www.mistrucosparaeducar.com/producto/plan-b/>
- <http://rejuega.com/juego-aprendizaje/ideas-para-hacer-con-ninos/80-juegos-para-ninos-para-las-vacaciones/>

ALGUNHAS WEBS PARA DESCARGAR MATERIAIS IMPRIMIBLES GRATIS

- <http://piruletea.com>



- <http://www.edufichas.com/cuadernos-imprimir/>



UN CONTIÑO CADA DÍA

Se queredes escoitar un Contacontos:

- Canal de youtube: Cuéntame un cuento

<https://www.youtube.com/channel/UCbDJr7JuJ0luL4NnW5xwFcQ>



- Canal de youtube: Beatriz

Montero. <https://www.youtube.com/channel/UC4lWfhhFK94PzbXdj8izDEA>

- Canal de youtube: El aula de Elena


https://www.youtube.com/channel/UCQZICH_X7_nGMucMHcqH2Yw

- En Instagram #telocuentoendirecto , Patricia, coñecida no mundo infantil coma @Trastadasdemamá, vai narrar un conto tódolos días ás 11 da mañá.



Contos SlideShare:


SlideShare é un espacio que vos permite ver contos compartidos en diapositivas. É outro recurso máis para variar dos contos que poidades ter nas vosas casas.



[COCORICO](#)




[¿A QUÉ SABE LA LUNA?](#)



[OREJAS DE MARIPOSA](#)

Actividades relacionadas cos contos:

- Elixide un conto e gozade da lectura.



- Despois da narración do conto tamén podedes:
 - Animar ós nenos e nenas a crear un conto ó revés: "Oreallas de elefante" ou "Pinocho sen nariz".
 - Inventar un inicio ou final distinto.
 - Mesturar personaxes, lugares, acontecementos de diferentes contos.
- Outras actividades:
 - Recortar siluetas de cartolina e pegalas nun pauciño. Cunha lanterna facer un teatro de sombras.
 - Facer dramatizacións dalgúns contos.
 - Facer un debuxo do conto.
 - Festa de disfraces, pintarse a cara.
 - Facer unha cesta para contar historias. Tedes que colocar nunha cesta animais de xoguete, bonecas, caixiñas, la... Fai que os nenos/as saquen os elementos da cesta e teñan que ir creando unha historia ata crear un conto entre toda a familia.

ACTIVIDADES DE XOGO SIMBÓLICO

- Facer unha chouza ou cabana.
- Empregar construcións para crear algo.
- Xogar aos médicos e lavarse as mans coma eles.
- Vestir e desvestir bonecos.
- Xogar a ser cociñeiros/as, mestres...
- Xogar ás casiñas cambiando os roles da familia.
- Etc.



CON MÚSICA MELLOR



- Facer bailes.
- Empregar o corpo para facer percusión coas mans, cos pés, cos dedos...
- Sesións de Zumba en familia.
- Coller obxectos da casa para empregalos como instrumentos musicais.
- escoitar cancións en galego de grupos musicais como por exemplo de Mamacabra, Paco Nogueira, Migallas...
- escoitar música relaxante antes de ir a durmir.
- Etc

SOMOS ARTISTAS

- Algunhas páxinas de interese para facer manualidades:
 - <https://fixokids.com/zonz/manualidades-para-niños/>
 - <https://fixokids.com/zona/manualidades-paraniños-y-adultos/>
 - <https://fixokids.com/zona/ayuda-para-maestros/>
- Debuxar libremente, favorecendo a creatividade.



- Facer collage con recortes, fotos, imaxes, materiais de refugallo.
- Recortado de revistas, xornais...
- Rasgar revistas.
- Marionetas con calcetins, luvas...
- Crear marcapáxinas.
- Darlle unha caixa baleira... que podemos crear con ela?
- Creatividade con coches. Tedes que por un pouco de pintura nun prato ou cartón, os nenos e nenas mollan as rodas na pintura e nun papel longo (papel hixiénico ou de cociña por exemplo) farán un camiño, derrapes... cos coches, creando unha gran obra de arte.

ACTIVIDADES SENSORIAIS

- Preparar un espazo para masaxes (nunha esterilla, a cama...).
- Pintar coas mans o con papel de burbullas.
- Xogar a coller cousas cos pés (pinzas, boliñas de papel...)
- Pintar arroz de cores para facer trasvases e xogar (con colorante alimenticio). Mesturanse ben e déixase secar sobre papel de cociña ou de aluminio durante 24 horas.
- Botellas sensoriais, metendo nelas pompóns, garavanzos, brillantina... e auga.
- Crear unha "caixa sensorial" onde podedes meter, por exemplo, froita. O xogo consiste na identificación e descrición da froita contida na caixa a partir da exploración táctil. Traballando o recoñecemento de diferentes texturas e descrición das sensacións que nos transmiten (ásperas, rugosas, duras, brandas...).



ACTIVIDADES PARA PENSAR

- Xogar a “se eu fora...” un animal, un transporte... que pasaría? Como faría?...
- Inventar un conto, unha poesía...
- Axudar a facer a lista da compra, escribindo, debuxando os ingredientes... dependendo sempre da idade.
- Escribir unha carta (con letras ou debuxos dependendo da idade).
- Practicar os seus nomes e os dos seus compañeiros/as.
- Facer series con pinzas da roupa seguindo diferentes criterios (cores, tamaños...)
- Xogar coa cinta métrica ou regras de medir: medirse, medir o que teñan por casa (unha silla, un zapato, a mesa...) comparar cal é máis grande, cal é mediano, cal máis pequeno e poden escribir as medidas nunha folla e comparar os números.
- Escribir os números da serie numérica e dar saltos cara diante e atrás sinalando e dicindo os números aos que chegamos (a partir de 4 anos).
- Escribir números de teléfono (5 anos).
- Xogo de bingo de números, letras, alimentos...
- Xogos de mesa (lince, parchís, oca, cartas...) tendo en conta sempre as idades, poden ser de números , letras, cores, formas, tamaños...
- Xogar as adiviñas, o vexo vexo, a cantar cancións...
- Esconder mensaxes sorpresa pola casa ou buscar un tesouro.
- Etc

PSICOMOTRICIDADE

- A CASA QUE CHOVE

MATERIAL: la, ou marcamos unha baldosa.

ACTIVIDADE: colocar la no chan formando un círculo, desprazarse polas zonas da casa que nos indiquen cando soa a música, cando esta pare, terá que meterse dentro do círculo de la ou a baldosa que marcamos.

VARIANTE: colocarse dentro do círculo ou baldosa pisando con un pé ou cunha man.

- LANZANDO

MATERIAL: papel de xornal ou cartolina.

ACTIVIDADE: por números nos círculos que facemos na cartolina ou xornal e lanzamos avións ou bólas de papel. Anotamos os puntos para logo sumalos.



- TRANSPORTADORES

MATERIAL: rolo de papel hixiénico ou papel de cociña, bóla de papel, globos.

ACTIVIDADE: levar de un sitio a outro a bóla de papel ou globo.

VARIANTE: por obstáculos no camiño (bricks de leite, rolos de papel hixiénico...) para que o rodeen ou pasen por enriba. Os nenos e nenas de 5 anos poñer un coxín no chan para que se senten e levanten sen que se lles caia o que transportan.



- O AGOCHO:

ACTIVIDADE: Xogar ao agocho ou esconder algo para que o atope dándolle pistas se non é capaz de atopalo.

RELAXACIÓN

- loga para nenos/as:

-Para facer loga podedes recurrir a algún vídeo de youtube por exemplo:

<https://www.youtube.com/watch?v=SP5pIgL UOHI>

- Mindfulness:

-Presentación mindfulness para nenos/nenas:

<https://www.youtube.com/watch?v=9CNSZcfOWio&t=224s>

-Tranquilos e atentos:

https://www.youtube.com/results?sp=mAEB&search_query=tranquilos+y+atentos

-Respira (videocuento):

<https://www.youtube.com/watch?v=ibJFHBTWBD>

-Relaxación nenos-La Nube:

<https://www.youtube.com/watch?v=XXy7C6PftVA>

ACTIVIDADES RELACIONADAS COA ALIMENTACIÓN (O NOSO PROXECTO DE CENTRO)

- Preparar un biscoito ou calquera receita.
- Axudar ao lavado das froitas e hortalizas.
- Axudar a cortar os ingredientes.
- Recortar alimentos de revistas e clasificalos segundo sexan saúdables ou non.

Poden pegalos nunha folla por exemplo.

- Clasificar alimentos segundo ao grupo que pertencen dentro da Pirámide

Alimenticia (a partir de 5 anos).

- Tapar os ollos e adiviñar de que alimento se trata empregando os outros sentidos (olfato, gusto, oído e tacto).
- Plantar unha semente nun vasiño (empregando unha lentella por exemplo).
- Amasar.
- Reciclar o lixo segundo sexa plástico, papel, orgánico ou vidro.
- Axudar a por a mesa, colocando os cubertos de forma correcta e despois axudar a recoller.
- Empregar a báscula para pesar ingredientes (a partir de 5 anos).
- Etc

